



Convocatoria de Arte Postal

“Queremos SaudArte dende o Green Campus”

A Facultade de Fisioterapia da Universidade de Vigo, convoca un certame de Arte Postal co Green Campus como fío condutor.

PARTICIPADE!

Invitamos a todas as persoas que o desexen (de calquera idade e parte do mundo) a participar nesta convocatoria, enviando obras, de xeito individual ou colectivo, a través do Correo Postal.

ARTE POSTAL

A Arte Postal é un movemento planetario de intercambio e, sobre todo, de comunicación, a través do Correo.

Os seus antecedentes atopámoslos no primeiro cuarto do século XX (1928), e a súa meirande contribución á humanidade non é a de deseñar un estilo concreto, nin a produción de obras de arte, senón a creación dunha rede de comunicación e intercambio onde, de xeito aberto, as persoas, artistas ou non, pero sempre interesadas no tema do que se trate, reciben información, dan información e exprésanse libremente. É unha rede viva que reflicte os cambios producidos na sociedade; utilizada en ocasións como instrumento de concienciación, e que permite observar os diferentes camiños que toma a sociedade grazas á súa condición cambiante (unha das características da Arte Postal é a súa adaptabilidade).

OBXECTIVOS

Con este certame búscase:



* Invitar ao persoal do Campus de Pontevedra, en particular, e a toda a xente, en xeral, a reflexionar sobre as accións que melloran o ambiente e a repercusión que iso ten sobre a nosa saúde e as nosas vidas.

* Fomentar, arredor do ambiente, unha actividade creativa e positiva, combinando arte, ciencia e sociedade, e establecendo un espazo aberto no que as persoas participantes xoguen un papel fundamental.

* Integrar a Universidade nas actividades sociais de vangarda, para facer posible que se traballe sobre un tema non só co seu estudo (aspecto máis científico-técnico e obxectivo) senón tamén coa súa expresión máis íntima (aspecto máis subxectivo), e que este traballo sexa o máis participativo posible.

* Abrir vías de colaboración entre os grupos de investigación da universidade e os seus proxectos, e os grupos sociais, habitualmente máis lonxe dos estamentos científicos e máis preto das persoas dunha poboación determinada.

BASES E NORMAS DE PARTICIPACIÓN

TEMA

O ambiente, enfocándoo dende a nosa expresión máis íntima e subxectiva mediante a manifestación artística e/ou literaria.

No Green Campus, coma nas EcoEscolas, nos centros sanitarios, ou en centros de traballo, nas cidades..., existen temas ambientais específicos que centran a meta global do ambiente:

- ✓ Optimización do consumo de auga e enerxía (fontes para beber auga, lámpadas de consumo baixo...).
- ✓ Redución da xeración de residuos e mellora da recolleita selectiva e da xestión da mesma (as tres R: reducir, reciclar, reutilizar; orgánicos, papeis, vidros, envases, tapóns, pilas...).
- ✓ Mellora da mobilidade e a accesibilidade.
- ✓ Biodiversidade, reforestación e adecuación de zonas verdes.
- ✓ Merca verde, comercio xusto e consumo responsable (papeis, materiais de oficina, tintas e tóneres con menor pegada ecolóxica...).
- ✓ Participación, sensibilización e voluntariado ambiental.
- ✓ Política de sustentabilidade.
- ✓ Etc.

Arredor de calquera destes temas en relación coa nosa responsabilidade no coidado do Ambiente, ou outros que se vos ocorran, podedes facer aportacións a esta convocatoria de Arte Postal.



TÉCNICA

Libre.

Serán aceptadas obras de pintura, debuxo, escultura, fotografía, collage, poesía visual, ou calquera outra técnica, en pequeno formato, (orixinal, copia, fotografía, reprodución ou o que a propia persoa *artista* estime oportuno).

MEDIDAS

Pequeno formato. Como mínimo 10 x 15 cm e como máximo 21 x 29,7 cm (DIN A4).

ENDEREZO DE ENVÍOS

Convocatoria de Arte Postal ‘Queremos SaudArte dende o Green Campus’

Á Aton. de Lourdes Maceiras

Facultade de Fisioterapia

Apartado de Correos 35

36080 Pontevedra

España

Enderezo electrónico para consultas: saudarte@uvigo.es

Sitio web onde poden consultarse as bases e máis datos: <http://saudarte.webs.uvigo.es>

DATA LÍMITE DE ENVÍOS

17 de maio de 2018.

NORMAS

* Non hai seleccións, non hai xurados. Todos os traballos recibidos acéptanse e expóñense, sen limitacións.

* Rexeitaranse as obras que conteñan elementos contra o artigo 1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: “Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou



de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.

INFORMACIÓN

Haberá unha páxina, dentro do sitio web da Facultade, dedicada a esta convocatoria; aí iranse poñendo todos os datos a medida que vaian chegando, poderán verse as obras enviadas (haberá unha exposición virtual), o listado de participantes, e poderase responder a un brevísimos cuestionario sobre ambiente (de xeito totalmente anónimo).

Coas obras recibidas farase unha exposición na Biblioteca do Campus de Pontevedra, a finais de curso.

Editarase un catálogo en formato electrónico sobre esta convocatoria.

As obras non serán devoltas. Quedarán en poder da organización, de cara a posteriores exposicións, estudos e traballos de investigación.

A propiedade intelectual é das autoras e autores das obras; o dereito de reprodución e copia (copyright) (©) é das persoas autoras, da organización e da Universidade de Vigo.

A organización non se fai responsable das posibles perdas ou deterioracións dos orixinais, nin das tardanzas ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros, que poida afectar aos envíos das obras participantes.

A organización está facultada para resolver toda cuestión da súa competencia que non quede establecida de maneira explícita nestas bases.